

SENTENCIA SOBRE FESTIVOS LOCAIS NO CTNC

Recibida a sentenza do Tribunal Supremo indicando que non se admite o recurso presentado pola CIG no asunto dos festivos locais e autonómicos rematouse a vía legal.

Ante a modificación de criterio imposta pola empresa para os Festivos Locais e autonómicos: fixar unha porcentaxe obrigatoria retirando a adscrición voluntaria e suprimindo a compensación dun día de libranza a maiores, acordada cos afectados desde varios anos atrás, a CIG iniciou un proceso xudicial porque entendíamos que era o mínimo a facer.

Durante o transcurso do proceso os “socios sindicais” da empresa asinan un acordo con Telefónica rebaixando as compensacións que se percibían por estas gardas. A empresa consegue así o acordo que lle convén a costa unha vez mais dos traballadores.

Na CIG temos claro que a única loita que se perde e aquela na que xa nos damos por rendidos antes de iniciala, nos seguiremos loitando polos dereitos dos traballadores nos ámbitos que lle corresponda.

Entendemos que as actitudes submisas e colaboradoras cos intereses da empresa de outras forzas sindicais son responsables en boa medida do empeoramento nas condicións de traballo no cadro de persoal de Telefónica. Animámosvos a loitar con nós polos dereitos de todos, unha loita que debe partir dunha actitude crítica e nunca submisa, de xeito colectivo e empregando os medios que teñamos ó noso alcance.

LOITA COA CIG POLOS TEUS DEREITOS

Sección Sindical CIG A Coruña. 14 de Xuño de 2007
